

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2009.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as dezanove horas do día trinta de outubro do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os D. José Antonio Bouza Rey, D. José Juan Roca Lorenzo (que se ausenta da sesión ás 20.05 horas), Dna. M<sup>a</sup>. Angeles Diaz Prados, Dna. Gloria Fornos Bastida, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, Dna. Maria África Pérez Filgueiras, D. Ignacio Fernández Fernández, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña Gómez Díaz, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 25.09.2009.**

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta que deseguido se relaciona:

- Sesión ordinaria realizada o día 25.09.2009.

**Sr. Alcalde:** Ben, antes de entrar na orde do día, se hai algún grupo que quera meter algunha moción pola vía de urxencia, dicir que bueno, parece ser que a concelleira de Esquerda Unida, e.... vista a orde do día do Pleno, pideu que, que non constaba na orde do día a moción que trouxera a Pleno, no anterior Pleno, vaya a redundancia, e a verdade é que non ven na orde do día, porque eu entendín que a retiraba, non coa condicionante de que viñera ao próximo pleno, porque, porque non se mencionou. Tal como consta na acta. En todo caso, eu non sei si... ten pensado metela pola vía de urxencia, ou do... ou aceptar a proposta que dende a Alcaldía se fai ao Pleno, de tratar este tema nunha Xunta de Voceiros.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Si, ben, nós non temos ningún interese en que sexa debatido por urxencia, rápido e mal, quero dicir ese non era o interese. Bueno, lamentamos en todo caso o mal entendido que se produxo no Pleno anterior. Nós o que rexeitabamos era que se debatira por urxencia, porque non todos os grupos tiñan coñecemento. A nós valenos perfectamente non votar hoxe a urxencia, se hai un compromiso por parte do grupo de goberno, que vai ou ben á Xunta de Voceiros, ou ben á Comisión de Cultura e Deportes, para que se debata isto e todo o relativo a isa situación. Polo tanto damos o tema por zaxado.

**Sr. Alcalde:** Ben, gracias. Ben, senón hai ningún grupo que quera meter algo por urxencia, continuamos coa a orde do día, que é... é unha moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular.

## **2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A ELABORACIÓN E POSTA EN MARCHA DUN PLAN MUNICIPAL DE CONTINXENCIA FRONTE Á GRIPE A.**

**Sr. Alcalde:** Ten a palabra o poñente da moción.

**Sra. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Hola, boas tardes a todos e a todas. Bueno, supoño que leeriades a moción. Unha así, foi á derradeira Comisión de Benestar, o que pasa e que non se debateu, sinxelamente se, se falou por riba. Non a vou a ler, porque parece un rolo leela toda, sinxelamente comentar que bueno, ante a falla de información, e non vou a dicir alarma social, pero si a preocupación que hai na rúa, e a falla de previsión no Concello, ao menos que nós viramos. Pois para que non nos pase como lle pasou ao Betis agora, que ten a maioría dos xogadores enfermos e non pode xogar a fin de semana. Pois plantexarse que, que debemos de facer algo antes de que teñamos o problema de ao mellor, ogallá de que non, pois ter a maioría dos traballadores enfermos ou similar. Sinxelamente iso.

**Sr. Alcalde:** Ben, palabras sobre o tema. Bueno, bueno tal como apuntei eu ten a palabra Ánxos.

**Sra. Díaz Prados:** Boas tardes, bueno dicir que, que como apuntou Begoña foi á derradeira Comisión de Benestar. Na derradeira Comisión de Benestar estivemos falando do que estivo facendo o Concello con respecto a... á continxencia fronte, fronte á gripe A, como ven ten que saber Begoña, e bueno, primeiro imos ir por orde, porque bueno e... e na moción ben difusión de información á poboación distribuindo e promovendo a información da Consellería de Sanidade, ademais de elaborar información propia en base a protocolos comúns e a distribución... a difusión de información á poboación se está a facer, se están a distribuír os papeis, se están, se pasaron todo o que veu de Consellería de Sanidade en canto a carteis, e nos centros educativos, polo menos eu que teño dúas fillas me achegaron uns catro folletos da Consellería de Sanidade. E no Centro de Saúde tamén está, nas farmacias tamén está, e nos... nos locais municipais están os carteis. A colaboración coas institucións sanitarias situadas nos Concellos tamén se está facendo, de feito ti como tes que saber pola derradeira Comisión, tivemos unha xuntanza os centros educativos, as direccións dos centros educativos de Mugarbos e eu mesma coa coordinadora da área sanitaria, neste caso Isabel, en onde chegamos a... falamos do que podería supoñer a gripe A, e as medidas a tomar sobre todo nos, nas... na poboación de risco e bueno... en concreto e... tal e como di a Consellería de Sanidade, tal e como informou nos centros educativos, e tal e como opinaba a coordinadora do Centro de Saúde, o mais importante era dotar aos centros, tanto o Concello, como os centros educativos etc, con difusores de xabón, cousa que xa teñen absolutamente todos. E tamén se falaba de que a xente empregara pañuelos de papel, se deu esa directriz en todos os centros educativos, de que todos os nenos levaran panos de papel e os tiraran unha vez usados por primeira vez. E levar un seguemento dos casos de gripe A no Concello de Mugarbos, polo menos nos centros educativos, que era onde mais repercusión podía ter. E se falou precisamente temén do tema da limpeza. En canto á limpeza, tal e como ven recollido eiquí, que habería que facer unha limpeza especial dos centros e tal, a doutora Isabel Marcos dixo que a limpeza que tiña que ser a normal e habitual, tanto nas máns coma nos centros. E

debería de ser a normal e habitual porque o virus da gripe non está esperando por ninguén, ademais o dixo así textualmente, non espera por ninguén para contaxiar, o contaxio é directo. E o contaxio prodúcese entre o primeiro día de febre e os sete días seguintes tal e como expliquei na Comisión. Co cal, cunha limpeza normal e habitual, á que estamos máis que acostumados a facer, ou que polo menos está estipulada así, debería de ser máis que suficiente. E... a limpeza das mans tamén debe ser a normal e habitual, e dicir antes de comer, antes de... bueno como facemos normalmente. E a situacións informativas e formativas pois bueno e... está máis que informado, máis que informado. Con respecto ao que dicías do tema dos xogadores do Betis, que pos o caso, a gripe A é moi contaxiosa, de feito dende a Consellería de Sanidade, que tamén vós informei diso, se... deron unha segunda orde e xa non se fai analítica para saber se a gripe que hai e a gripe normal ou é a gripe A. Senón que se considera que toda a gripe que hai este ano é gripe A, porque é unha mutación da gripe, e é altamente contaxiosa. Pero creo que a poboación en xeral, polo menos dende a Xunta de Galicia, e dende o goberno central está máis que informada sobre o que hai que facer para previr. Os contaxios son completamente inevitables, completamente inevitables como en calquera gripe e como tal o Concello moito máis do que fixo non ten que facer. A nós nos sorprende que veña esta moción despois de ser tratada na Comisión de Benestar, e quedando como se quedou en que pasara a Comisión de Obras e Servizos para elaborar en todo caso un protocolo entre comillas, non sei, un plan municipal para, para os traballadores do Concello. Me sorprende moito, en todo caso nos parece que é unha moción cando menos oportunista politicamente, oportunista politicamente porque é un tren... e un tema que se tratou, e é un tema que bueno, se puxo a disposición de, de por exemplo pois nos centros educativos acaban de levar catorce papeleiras de pedal para o centro de Catro Camiños, que pedían para tirar os panos de papel etc, é dicir e que é algo que xa está tratado e que máis ou menos creo que dende o Concello pouco máis se pode facer, do que quedamos de facer ¿non?

**Sr. Alcalde:** bueno e... un pouco tamén para en... aclarar un pouco o tema dicir que eu tamén tiven unha xuntanza con, co equipo médico de eiquí de Mugarbos, e a mensaxe que transmiten eles é de tranquilidade total no, no que é o concello de Mugarbos non está rexistrado o día, digo á data do que eu falei non se rexistrara ningún caso en concreto, e que en todo caso, así que empezara a aparecer o primeiro caso, que habería unha reunión ¿eh? Do equipo médico co equipo de goberno, para tratar de en todo caso, pois e... tomar algunha medida ao respecto, pero de... en principio tranquilidade total. Iso é o que transmite o equipo médico de, de eiquí de Mugarbos. E... Juan tes a palabra.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Bueno, xa o que ia a comentar eu creo que o explicou Ánxos con todo luxo de detalles. A min me parecería, me parecería estrano que a estas alturas que os protocolos e as medidas preventivas contra gripe A non se seguisen escrupulosamente por todos os organismos competentes. E como, como ben explicou ela, pois creo que eiquí se están a seguir os protocolos dunha forma exahustiva, e o que si, parece que a creación dunha Comisión, dunha Comisión Municipal Interdepartamental non me parece operativa, nunha comisión onde estén os Servizos Sociais, Protección Civil, Educación, un representante de cada, de cada partido político municipal, etc, etc, parece que non é operativa. E en todo caso, creo que a Concellería de Benestar Social, Igualdade e Sanidade e que ten a responsabilidade de velar por que se cumpran os protocolos eiquí no noso Concello.

**Sr. Alcalde:** Gracias Juan. Pilar.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Si haber. Nós entendemos que a moción tal e como está, ten o efecto contrario ao que tenta crear. E polo tanto para nós, e... a moción consegue o efecto de crear unha alarma social. É dicir, en vez de tratar o proceso con normalidade, si se levase ao seu grado os puntos que hai na moción, crearíamos probablemente unha alarma social e non unha preocupación social que é o que hai agora. Para nós a reunión de Servizos Sociais, á que facía referencia antes Ángeles, tivo unha conclusión moi importante, a maiores da proposta que se traía por parte da presidenta da Comisión, e que ela mesma reflectiu eiquí, e era derivalo ao Plan Municipal para os traballadores do Concello, que son en todo caso a nosa primeira prioridade. E claro, a nosa proposta sería suprimir todos os puntos e crear dous novos. Eu supoño que o grupo municipal non está nesas, pero en todo caso os vou a... vounos a enumerar, e o primeiro punto sería, para non entrar en cada un dos que propoñedes eiquí ¿eh?. O primeiro punto seguiría, sería que o concelleiro de persoal que neste caso, ou o Alcalde pero imos, digo o concelleiro de persoal porque é no que reside a competencia de persoal. No que atinxe aos traballadores municipais poñase en contacto coa Mútua que exerce a prevención de riscos laborais, para que dentro das súas funcións elabore un protocolo de información coas medidas preventivas ante a gripe A, e o control dunha posible pandemia, tal e cal se establece entre o Ministerio de Sanidade, a Consellería de Sanidade e os sindicatos. Esa sería a nosa proposta, que viría a concretar o xa, eu entendín que votado na Comisión de Asuntos Sociais, pero... ou o que tacitamente se non foi votado, saliu de acordo. E o segundo, e que a B, que sería o apartado B, se surxisen casos de gripe A en Mugardos, que fose convocada unha Xunta de Voceiros ou a Comisión que se considerase oportuna, para que todos os grupos municipais tivesen coñecemento e polo tanto se poidese entrar na vía de tranquilidade á poboación e de non exacerbalos tamén coa nosa desinformación. Isa sería a nosa proposta que supoño que é difícil para o Partido Popular, en todo caso, no segundo turno senón, entraríamos punto por punto para dicir porque rexeitamos todos e cada un dos puntos, pero en xeral porque a moción crea mais alarma social que prevención, e porque non incorpora o mais urxente para o Concello que sería o seu propio persoal, e sobre o cal ten unha responsabilidade directa.

**Sr. Alcalde:** Ben, gracias Pilar. Senón hai mais palabras se... ten a palabra o portavoz da moción.

**Sr. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Si gracias, imos a ver. Oportunista penso que non, porque imos a ver, se van a comezar agora os contaxios e cando temos que comezar a traballar senón o fixemos xa. A obras que eu sepa non foi nada, e en todo caso, non sabemos que pasos seguiría o Concello en caso de que... nin siquera para previr. Con respecto a que... a que non houbo ningún caso de gripe A en Mugardos, pois non o sei a verdade, eu tiven gripe, diagnosticaromela por teléfono, ou sexa así de claro, non veñas ao ambulatorio porque tes gripe e vas a contaxiar a todo o mundo. Entón iso de que non houbo casos en Mugardos, pois eu ao mellor é que vivo non sei, noutro sitio. Contixiei a xente, e bueno, a pasamos a verdade bastante ben, pero bueno, porque nós colleu coas defensas bastante altas polo que sei. E... a min as dúas, os dous puntos que propón Pilar, pois si, pero claro quitar os

outros todos parece, parece un pouco esaxerado. Con respecto á Comisión de Benestar non o... eu pois debía de estar un pouco despistada ese día, porque a verdade non recordo. Eu só recordo falar dos centros de que si os nenos se limpaban as mans ao entrar e salir das aulas que lles ia a salir un eczema nas mans e non sei que e pouco mais, ou sexa... e non sei nada de prevención nin de actuación en caso de que, de que se nos presente, de que se nos presente o tema de ter pois iso, o tema de ter un montón de traballadores enfermos ou algo similar ¿non?. Non sei como vai a reaccionar o Concello, sinxelamente iso nada mais.

**Sr. Alcalde:** Ben, queres falar Fariña.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Eu quero unha clari... unha aclaración nada mais, porque supoño que vou ter que votar, e dada a miña pouca capacidade, quero que alguén explique que é o que teño que votar nada mais.

**Sr. Alcalde:** Pechas e aceptas a proposta que facía Pilar ou mantés a moción.

**Sra. Gómez Díaz** (que traducido literalmente di): Non, nós mantemos a nosa e votaremos tamén a de Pilar claro. En caso de que... votamos esta, vale, vale, perfecto.

Rematado o debate sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal popular, sobre a elaboración e posta en marcha dun plan municipal de continxencia fronte á gripe A, e o Concello Pleno, por tres votos a favor (3 PP), catro abstencións (3 PSOE, 1 IPM) e seis votos en contra (5 BNG, 1 EU-IU), acorda rexeitar a devandita moción.

### **3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A CONXELACIÓN DE TAXAS E IMPOSTOS MUNICIPAIS DE CARA AO PRÓXIMO ORZAMENTO DO 2010.**

**Sr. Alcalde:** Bueno con respecto a esta moción e... dado que o goberno municipal ten redactado un borrador de orzamentos onde se contempla xa esta medida, pois e... lle pediríamos ao Grupo Popular que retirara a moción e que ademais que contaríamos que na votación dos próximos orzamentos, dado que recolle a aspiración do Grupo Popular, que vote a favor dos orzamentos.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido literalmente di): Bueno, e... loubamos o sentido do humor do Alcalde, en todo caso imos a poñernos serios no que nos atinxe a nós. Imos a ver, en primeiro lugar non podemos retirar o que non sabemos nin o que coñecemos, porque a única noticia que temos dos orzamentos do 2010 e do Boletín Oficial do Municipio de Mugardos, que é o Diario de Ferrol. Ise é o único coñecemento que o goberno municipal establece cos grupos que representamos eiquí aos veciños. Polo tanto, soame a chiste a proposta do Alcalde de retirar algo que non vimos, outra cousa diferente, e que a nós nos pasaran o documento dos orzamentos e efectivamente se están reflectidos neles pois teríamos a vontade de retirala. Dado que iso non sucedeu así, e dado que o grupo de goberno, non nos presentou oficialmente a proposta de orzamentos, a oferta de orzamentos para o ano 2010, e polo que nós non sabemos cales son as medidas encaminadas a ese orzamento, e polo tanto

nós non podemos mais que reiterarnos no posicionamento que tivemos e seguimos tendo, que son dúas, dúas, por unha banda sabemos que a subida de impostos, subida polo goberno central, vai a ser un importante lastre para a economía de todos os veciños e polo tanto cremos, cremos convinte que dende as corporacións locais debemos de facer un esforzo para non agravar aínda mais o problema, os graves problemas económicos que teñen as clases medias e traballadoras, e polo tanto e sendo ese un discurso moi de esquerdas, ás veces, pois eu creo que non hai nada mais de esquerdas como vostedes dín, que mirar pola economía dos... medianas e clase traballadora. E polo tanto entendo que si é unha medida que xa se asume por parte do goberno municipal non terá inconvinte en votala. E polo tanto asumila como xa o ía a asumir. E polo tanto non tería mais sentido que votar e nada mais. Polo tanto seguimos a diante con... tal e como está presentada a moción.

**Sr. Alcalde:** Ben, abrese un turno de palabras. Si Pilar.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Bueno, imos a ver. Nós non imos a entrar na exposición de motivos e vamonos a centrar nos dous puntos que nos propón o PP. Porque por unha banda está a conxelación de taxas e impostos e por outro o impulso dun plan de austeridade para eliminar gastos superfluos e asegurar as inversións e o gasto social. E... imos a facer un par de cuestións previas para que quede prefixada cal é a posición independentemente do que poidamos chegar a votar neste Pleno se o PP admite algunhas das propostas que imos a facer. Bueno, en primeiro lugar nós non imos a trocar o noso discurso, o noso grupo está a favor de que os gastos pola recepción dun servizo público se equilibren cos ingresos, iso foi tradicional e en noso Concello ademais algunhas das taxas sofre unha brecha moi importante entre o que se recada e o que vale o servizo. Tendo que ser cuberto este déficit coas aportacións de todos, utilicen ou non o servizo prestado, o que limita os recursos para outras iniciativas ou inversións. En segundo lugar, defendimos sempre que a aportación do cidadán sexa en función do servizo que recibe pero tamén da súa capacidade económica. Por iso neste Concello e dende fai varias corporacións tamén, no seu intre se aprobou unha modificación nas taxas municipais para establecer exencións e bonificacións en función da renda económica. Debemos de dicir tamén, que son bonificacións e exencións que están ao día de hoxe vixentes, pero que somos conscientes de que coa experiencia acumulada en todos estes anos de aplicación, probablemente haxa que mellorar o seu mecanismo e darlles algún troco. O que non invalida que a día de hoxe as familias que están sen recursos económicos disfruten de todolos servizos dende a taxa do lixo, ou das actividades culturais e que polo tanto ningunha familia teña limitación neste concello para poder acceder a ningún servizo en función de que non teña recursos económicos. E... terceiro, e... nós mantivemos que o Concello a través dos impostos directos e indirectos sumados á participación nos ingresos do Estado, que por certo si baixaron considerablemente, e ademais a reclamación histórica dos concellos de chegar a un 33% creo que probablemente ningún dos que estamos eiquí o vexamos cumprido. E que a financiación local siga a ser un déficit, ademais de que despois o Partido Socialista do conxunto do Estado, non o grupo municipal do PSOE en Mugardos, que non se me entenda mal, decidiu rematar coa financiación autonómica pero non comezar a debatir a financiación municipal, e polo tanto e un grave prexuízo para o conxunto dos cidadáns. E por derradeiro queremos facer un chamamento á reflexión de tódolos grupos municipais no sentido de que o que non paguemos hoxe o imos a ter que pagar mañá, e

probablemente cun incremento superior ao que sería o IPC para seguir a manter o grao de servizos públicos que eu creo que é razoablemente bo neste Concello ou renunciar ao capítulo de investimentos porque onde non entra non pode sair, e polo tanto non teríamos para inversión e para manter servizos públicos que se están a manter neste Concello, algún deles tamén porque non recoñecelo, sen ser estrictamente de competencia municipal porque é unha demanda da cidadanía e que este Concello está a cubrir. Pero nesta situación de crise económica, é certo que está a levar a moitos concellos á mesma proposta que fixo o PP, e que está a ser refrendada tanto por grupos da esquerda como da dereita, sen empregar pexorativamente o termo esquerda, que lle deches aí a ese xiro, e polo tanto aínda que nós en Mugardos cremos que ese capítulo está medianamente cuberto, polas bonificacións e exencións, imos a facer algunhas das propostas que temos eiquí, que en todo caso posibilitaría na medida en que sexan recollidas que nós nos unamos á proposta entendendo que non é do noso agrado. Xa sei que é un pouco inusual, que o diga un grupo da oposición, porque cantos mais recursos teña o Concello, o goberno municipal mais investimento poderá facer. Pero nós non fumos nunca moi partidarios de coas taxas e impostos facer especial demagogia, de feito creo que nós quedamos un ano nós soós eiquí propoñendo unha subida maior na taxa da recollida de lixo, e polo tanto imos a manter un pouco esa situación. Bueno, a primeira sería instar ao goberno municipal a que impulse a elaboración dun estudo para que toda a cidadanía pague as taxas e impostos contemplados nas ordenanzas municipais e... non hai ningunha referencia en concreto, eu creo que os que estamos presentes na Comisión de Obras e na Comisión de Facenda, nalgúns dos exemplos concretos sabemos do que estamos a falar, pero non en exclusiva para algún dos impostos. O “b” sería instar ao goberno municipal a que coa máxima urxencia, polos problemas temporais que hai, debatase a taxa relativa ao suministro de auga potable para que o tramo específico da zona Punta Promontorio, lle poda ser revertido o custo da suba de Emafesa e o IPC. Eu quero recordar que no 2008 Emafesa trocou a tarifación para o conxunto dos concellos e é algo que non foi revertido no conxunto dos que perciben o suministro. O “c” sería instar ao goberno municipal a que coa máxima urxencia se debata a taxa relativa ao suministro de auga potable para que se estableza unha cota de mantemento ligada a un consumo mínimo gratuito. A “d” instar ao goberno municipal a que comecen os traballos relativos ao estudo de tódalas taxas municipais impostas incluída a creación de novas figuras impositivas. O “e” instar ao goberno municipal a que se inicie unha campaña para a redución do consumo de auga e de separación dos residuos, dado que isto redundaría non só nunha mellora do medio ambiente senón no aforro das economías familiares e do propio concello. E por derradeiro, no apartado “b” da moción, sería incorporar que o plan de austeridade se aprobe ou se debate previa a aprobación dos orzamentos municipais para o ano 2010.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Ben como dixeran ao primeiro non tiña moita, moita intención de intervir hoxe, pero dado como vai o debate, que en principio a min parece que non ten nada que ver co que teoricamente estaba nos documentos do Pleno, quizais esté equivocado, pois teño que intervir. Eu creo que, parece que a proposta, parecíame ao primeiro que a proposta que facía o PP tiña todos os visos de ser aprobada polo tanto non lle daba mais importancia. Pero si, pero si me gustaría deixar claro algunhas cousas, a primeira subir ou non subir os impostos non é de esquerdas nin é de dereitas. É unha falacia. Subir os impostos si sabemos para que van os recursos pode ser dereitas ou pode ser de

esquerdas. Si baixamos e non non aforramos ou baixamos os impostos, saber de onde se traen os cartos ese si que pode ser de esquerdas ou de dereitas. Polo tanto sempre é o resultado de que aplicación lle imos a dar aos recursos ou non, ou que non aplicación lle imos a dar, iso creo que é o que en calquera caso hai que debatir. En segundo lugar, eu creo que o prioritario para facer propostas, a min parecenme ben todas, pero para facer propostas hai que saber cales son as repercusións, senón isto é de tolos. É dicir, suprimimos o imposto de non sei que, bueno cal é a repercusión de suprimir ou rebaixar o 50% economicamente e que comporta, iso é seriedade, e que eu creo que iso é seriedade, é a miña opinión. Polo tanto concluíndo, se a proposta é a de dous puntos que se plantexa eiquí, non teño problema ningún, obviamente vou a votar a favor, moito mais cando o Alcalde di que é, son as armas de traballo, as ferramentas de traballo que ten para a elaboración dos orzamentos. Polo tanto non teño problema ningún, se é outra cousa si pido que quede sobre a mesa é que se estude en profundidade como se teñen que facer as cousas seriamente, nada mais.

**Sr. Alcalde:** ¿Non hai mais palabras?. Ben, imos a ver, eu creo que a moción, creo que se debía de retirar por unha sinxela razón, eu entendería esta moción unha vez que se presentaran o borrador dos orzamentos, e que non se contemplase esa medida no borrador do orzamentos. E entón no debate de aprobación ou non dos orzamentos, o grupo municipal ten todo, do PP, tería toda a potestade e toda a xustificación para traer unha moción ao Pleno para que se incluíra nos orzamentos o tema ese. O certo é, que hai un borrador, e a sensibilidade que ten o PP, pois o grupo de goberno creo que está demostrando que ten unha sensibilidade ao longo deste anos que leva gobernando o concello, cara as clases mais desfavorecidas, como ben se apuntaba eiquí polo partido de Esquerda Unida ¿eh?, hai unha exención de taxas e bonificacións precisamente para esas familias, e a intención, e está recollida así no borrador que será entregado aos grupos municipais, está recollida toda esa sensibilidade de favorecer ás familias mais desfavorecidas aumentando incluso aquelas partidas de emerxencia social e ademais, en base a esa crise económica que estamos a padecer pois facer unhos orzamentos de mínimos, de mínimos, claro que é certo que si facemos uns orzamentos de mínimos o mais, o que mais paga é o goberno municipal, porque se non inclúe obras que son necesarias ademais neste concello pois quen leva a carga, digamos do peso é o goberno municipal, e o grupo, os grupos da oposición pois poderán dicir que o goberno non fai nada. Pero xa digo, nestes orzamentos están pensado en base á situación de crise económica que estamos a vivir a nivel estatal, a nivel autonómico, a nivel municipal, con recortes nos ingresos dos concellos, que xa vedes se leichedes a prensa hoxe que vai a haber moitos concellos que van a ter dificultades para pagar a paga extraordinaria aos traballadores, aos seus respectivos traballadores, e polo tanto nós consideramos que nestes intres hai que facer uns orzamentos de mínimos e que ademais que debemos todos arrimar o hombro cara a esa dirección. E por iso digo, que a moción en todo caso a entendería unha vez que se coñeceran o borrador dos orzamentos e que non se contemplasen as medidas. Pero como xa, xa digo están contempladas, pois non me parecen de recibo que o PP ou calquera outro grupo viñera eiquí e que faga unha proposta de poñer o carro antes que os bois. Se o PP considera que sigue mantendo a... a moción pois ten toda a liberdade do mundo de, de seguir mantendo a posición. Dito isto, se non hai mais intervencións lle damos a palabra ao poñente e... que peche a... ou que a deixe como dicía Pilar, que deixe riba da mesa e debatimos unha vez que se coñeza o borrador.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido literalmente di): Ben, imos a ver.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Imos a ver, eu creo que a experiencia debenos de dictar que as cousas con calzador non dan moi ben. É verdade que eu lle pasei as aportacións ao voceiro do PP antes, pero o digo polo conxunto da moción. Eiquí se está a facer unha referencia sistemática aos orzamentos municipais, bueno eu ao igual que o voceiro do PP non os coñezo. E... polo tanto eu creo que non avanzamos moito, o digo con sinceridade quero dicir, eu creo que non avanzamos moito aprobando a moción hoxe si dentro do debate orzamentario, a miña opinión, o poñente vai a facer o que queira loxicamente, si dentro do debate orzamentario hai un debate específico en todo caso sobre os dous puntos que contén a moción. Un é sobre as taxas e impostos que podemos chegar mais aló en canto aos compromisos de traballo do que o propio orzamento contempla e o que se denomina na moción o segundo punto plan de austeridade. Eu creo que probablemente o resultado sea mellor para o futuro inmediato e para o non futuro inmediato, en todo caso esa e a miña recomendación ao partido, ao Partido Popular, ou a petición que lle faríamos nós. E por outra parte demandaríamos do goberno municipal que na medida do posible o borrador de orzamentos, o digo porque como está tanto na prensa e tanto no Pleno de hoxe, seanos facilitado á maior urxencia posible para que podamos ter un coñecemento e polo tanto tamén o PP poida ver reflectido parte do que se dí eiquí.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido literalmente di): Bueno, haber. Nós non queremos impor ningún tipo de finalidade nesta moción mais que a de dar claridade aos posicionamentos de cada un dos grupos. O que está claro, é que falar sobre posicións respecto ás previsións dun orzamento que non coñecemos é falar de, bueno de facer un acto de fe e aínda que temos parte de fe o certo é que noutros sentidos que non son sobre o goberno municipal precisamente. O certo é que parecenos moi ben, e non queremos tampouco que se vote a moción se iso vai a xerar posicións encontradas en contra da negociación nin moito menos. A retiramos sempre e cando se den dous acordos por parte do grupo de goberno: un é a de que se... se leve a debate tamén xunto cos orzamentos os puntos que eiquí mencionamos, en primeiro lugar tanto o das taxas que é un pronunciamento que dixemos antes pero sobre todo o restrinxir os gastos que consideremos entre todos superfluos para tentar optimizar os poucos recursos que este concella teña no que é o verdadeiramente importante. Baixo este punto de vista, se ise é o compromiso que adquire o grupo de goberno para levar a debate, nós retiraríamos a moción a expensas de que se debatira formalmente. Agora se isto vai supoñer que se retire para non falar nunca mais de él, pois voltaremos a traelo noutro ocasión. Pero eu creo que, si a vontade de verdade é debatila a retiramos para que sexa debatido en comisión.

**Sr. Alcalde:** Ben é compromiso polo menos da miña parte, de que estes temas se poden debater no... cando se traian o borrador, ou cando se entregue o borrador dos orzamentos, na propia comisión si queredes de facenda, ou si queredes nun Pleno, dame igual, o que si é certo, tamén quero dicir que é practica habitual nos derradeiros anos deste goberno municipal de reducir gastos superfluos, e de feito xa se teñen reducido, se comparamos os orzamentos do ano 2009 con respecto aos orzamentos doutros anos se nota de que hai unha redución sobre o gasto. E... en todo caso, nós estamos abertos en que cantas mais ideas para facer unhas orzamentos con plan de austeridade ou do que sexa, sempre e cando que non

perxudique, xa digo, aos traballadores deste concello. Se temos que pasar sen invertir en nada neste ano pois pasamos, que tampouco pasa nada, tamén hai moitas empresas que están en dificultade e os concellos pois tamén pasamos por iso. En todo caso con respecto aos orzamentos, decirvos que hai un borrador feito, e... quedan un par de flecos porque estabamos pendentes de... dunhas aportacións da, da Deputación, como creo que xa teño anunciado, e estabamos pendentes da sinatura dun convenio coa Deputación para o que é subvencionar a partida da traida en alta cara a Mugardos. Este convenio o trouxen eu hoxe da Deputación, e son 350.000 euros que a Deputación aporta ao Concello para esa partida e a maiores diso pois tamén estamos pendentes de... para dentro de uns días haber se nos comunican tamén o... algo sobre o imposto de actividades económicas de Reganosa, que tamén está pendente. Senón, se tivéramos todo iso o borrador estaría entregado, pero estamos pendentes de esas dúas cantidades para metelas nos orzamentos e entregarnos o borrador. Todo caso, eu espero que na semana próxima pois poida entregarse polo menos o que... o que teñamos agás xa digo, o que é o imposto de actividades económicas de Reganosa que estamos, que dependemos da, da Delegación de Facenda. Ben entón Juan Domingo.

Rematado o turno de intervencións, a moción presentada polo grupo municipal popular para a conxelación de taxas e impostos municipais de cara ao próximo orzamento do 2010 é retirada polo ponente.

#### **4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN CONTRA DA SUBIDA DE IMPOSTOS PREVISTA NOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA 2010.**

**Sr. Alcalde:** Ben, ten a palabra o poñente.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido literalmente di): Ben imos a ver, esta é unha moción aínda mais clara que a anterior, vai en consonancia coa mesma, e é sinxelamente a de ante a subida de impostos prevista polo goberno nos orzamentos xerais do Estado para o 2010 entendemos, polo argumento que demos anteriormente, que vai a ter unha repercusión mais grave sobre as clases medias e traballadoras. E polo tanto é polo que cremos que debemos por unha banda, instar ao goberno á retirada inmediata da proxectada subida de Impostos nos Orzamentos Xerais do Estado para 2010 por inxusta e antisocial, xa que recaerá sobre todo nas clases medias e nos traballadores. No segundo punto reclamar ao Goberno que atenda as peticións da FEMP e acepte as modificacións propostas nos PXE de 2010, entre as que destaca a de manter todas as partidas e conceptos orzamentarios que sempre se destinaron ás Entidades locais, sen recortes nin supresión algunha. E por terceiro e derradeiro dar traslado destes acordos ao Presidente do Goberno, ao Presidente da Xunta e aos Portavoces dos Grupos Parlamentarios no Parlamento de Galicia. E como creo que está ben clara a posición non temos nada mais que engadir en principio.

**Sr. Alcalde:** Ben, palabras sobre esta moción. Ben, ten a palabra o portavos do Partido Socialista.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Imos a ver. Subir os impostos, evidentemente é unha medida impopular, aínda que esta subida redunde en beneficio dos que mais o necesiten. O PP

como ven facendo dende o inicio da crise, en vez de aportar solucións e apoiar un goberno como sería lóxico como primeiro partido da oposición, tenta sacar rendemento político da situación. O PP cando se postula en contra da subida dos impostos non nos dí que actuacións deixaría de facer, que inversións non faría caso de non subir os impostos. Seguramente reduciría o gasto en políticas sociais, conxelaría as pensións, os salarios, as proteccións por desemprego ou abarataría o despido como xa propuxo en mais dunha ocasión. O goberno do estado en época de crise vai a seguir protexendo aos mais desfavorecidos, de cada dous euros, un irá destinado a gastos sociais, esta é a política do PSOE, do Presidente Zapatero dende o ano 2004, e seguirá sendo a prioridade a pesar da situación económica. Di o PP que a subida castiga o aforro e o consumo pero non pensa para nada en quen nada ten que aforrar nin consumir. Os cartos recadados pola subida de impostos non desaparece como ocorre coas grandes fortunas que o PP protexe. Senón que se redistribue para que os mais necesitados poidan acceder a un consumo básico e necesario. O que non dí o PP e que o IVE vaise a aplicar a partir do 1 de xullo do 2010. Cando a economía comece a recuperarse. O que non dí o PP é que o IVE superreducido non varia o dos produtos e bens de primeira necesidade como son o pan, os ovos, as legumes, os tubérculos, os medicamentos, os libros e periódicos ou os vehículos para persoas con mobilidade reducida entre outros. O... ao que realmente lle preocupa ao PP é a subida ás rendas do capital, aquelas que afectan aos que mais teñen e acumulan plusvalías, intereses bancarios, fondos de inversión etc. Que pasan do 18 ao 19 por cento para os primeiros 6000 euros e a partir desta cantidade sube ao 21%. É dicir, que serán as rendas mais altas as que mais aporten con esta subida. En España hai na actualidade doce millóns e medio de persoas que declaran rendas de capital. Destes doce millóns e medio, o 94% obteñen rendementos de capital inferiores a 6000 euros. Esta maioría pagará unha media de 6 euros mais. Polo contrario si se reciben cen mil euros de intereses se pagarán vinte un mil euros de impostos, unhos tres mil euros mais. Ou o que é o mesmo, canto mais se teña, mais se aporta, en impostos para destinalos a gasto social. É dicir, para os que mais o necesitan.

**Sr. Alcalde:** Gracias Juan. Bouza.

**Sr. Bouza Rey:** Si boas tardes, bueno, aínda que o BNG no Congreso cando se discute o... a subida de impostos opuxose rotundamente e cunha serie de alternativas, enriba da mesa, que bueno si, si ven a moción do PP contra a subida de impostos de, do señor Zapatero, se chega a vir a nosa pois iría unha moción con vintecinco páxinas, porque iamos moito mais alá, tratando de ser mais solidarios, e que aportaran os que mais teñen, e os que están levando os grandes capitais fora do estado. Dicir que collendo a moción do PP, home a subida de impostos castiga o aforro e o consumo, poñen unhos exemplos, que por exemplo cando se aprobaron no Parlamento votaron en contra, e digo, a deducción os catrocentos euros aqueles famosos que se votou en contra de que se diran a quen lles correspondían. Co IVE mais do mesmo. Outro titular é a subida de impostos recaerá nas clases medias e traballadoras. Outro titular é, a subida de impostos e inxusta, antisocial e provoca mais paro. Ou sexa, todo son a subida de impostos que é malísima. Nós pensamos que é solidaria e que a posición con esta moción do PP, que tamén quero dicir que non é unha moción do PP de Mugar dos senón metida en todos os concellos do Estado, pois nos parece que está coxa. E está coxa, porque si estamos reivindicando todos os días na prensa de que hai que subir todas as aportacións

sociais e non sociais, e non se lle pon ao lado de onde se van a quitar os cartos. Pero agora imos á Xunta de Galicia, porque tanta demagogia tamén se ten que levar a un goberno que está moi cerquiña e que deixamos o bipartito desfeito por completo. Mirade, os recortes de estes orzamentos, este borrador de orzamentos que fai a Xunta de Galicia, con respecto á sanidade, con respecto á educación, e con respecto á asuntos sociais ten tela de verano, pero tela de verano. Eu antes tiven un consello escolar do Instituto, xa tiveron un recorte con respecto ao ano pasado de 7300 euros, o Instituto de Mugar dos, se multiplicamos por todos os institutos... Pero imos mais alá, chega a tanto a demagogia que no ano 2009 o PP para o Concello de Mugar dos facía unha petición de obras nos seus presupostos alternativos que lle dicía ao bipartito que tiña que meter, de un millón setecentos mil euros. 820000 para o centro de día, a o pavillón non sei cantos... Resulta que neste borrador que temos riba da mesa nin un euro, nin un euro para Mugar dos. Cando fai nove meses resulta que estabamos faltos de todo e iso é un mal, pero non é un mal para o equipo de goberno, é un mal para as mugar desas e mugar deses. Esperemos que agora neste debate antes de quitalos para tal se recolla polo menos algunhas das reivindicacións que facía o PP fai dez meses. Pero claro, nos declaramos partidarios de reducir todos os impostos pero as actuacións que deixaríamos de financiar non se poñen enriba da mesa, non se poñen para nada. O problema relacionado cos impostos que existe no Estado español, non é derivado da presión fiscal existente, porque con todo iso aínda somos as mais baixas da Unión Europea. Senón que o problema reside nun reparto pouco equi, equi, equitativo da mesma situación agravada polo fraude e a evasión fiscal que ao ser de clases medias altas que teñen capacidade para dito fraude, incrementa a inxustiza do actual sistema impositivo. E por todo isto, e por moitas cousas casi seguro que me quedarán, e que poden ler diariamente no periódico de todas as reivindicacións que está facendo o PP sen poñer enriba da mesa de onde se van a facer as aportacións, e polo que imos a votar en contra da moción.

**Sr. Alcalde:** Fariña.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Si, é moi aburrido e ás veces ata desagradable pola, pola reincidencia constantemente neste tipo de debates. Fanse as cousas en función de quen esté gobernando. Hoxe se dí unha cousa, mañá se di outra. É que, aínda sendo contradictorio non pasa nada, iso de onde digo digo, digo Diego, iso non ocorre, ocorre sen problema de ningún tipo. Eu sei das miñas limitacións, e recórdovos que estamos en Mugar dos, non en outro sitio ¿eh?. Eu creo que hai xente que quere promocionarse, e é lícito que... políticos que estades eiquí xoves, e menos xoves, non decrépitos coma min, pero xoves e menos xoves, debedes e podeades facelo. Xa digo que eu, ise non é o meu caso. Fanse afirmacións de que se xustifican posicións no parlamento español tal... pero é que sexamos serios, a política é a arte de gobernar mercadeando, que é o tema da política, e é así. O BNG apoia ou non apoia os orzamentos igual que o fai Esquerda Unida ou pepito, quen fora, en función fundamentalmente de contrapartidas lícitas que poden darse e listo, non de outra cousa. O preocupante do tema, o preocupante do tema, é que isto hoxe hai pouca xente eiquí, pero isto e hoxe o denominador común. É dicir, temos catro ou cinco mocións, o único, rogos e preguntas e aprobación de actas. Isto é o problema Alcalde que temos en Mugar dos, creemo sinceramente, é isto, eu creo que non. Haber si, eu digo que de vez en cando e bo, saudable politicamente falando, hixienicamente democrático como dicides os... agora ultimamente

pois e bo traer algún tipo de moción. Bueno, está ben, porque hai contradicións, hai intres difíciles, está, está ata perfectamente ben. Pero que o Pleno ordinario do Concello de Mugar dos que creo que temos 5000, por certo, volvemos a baixar unha porrada de habitantes, iso non preocupa, é igual. Ares, Ares xa está alí arriba por primeira vez fai algún tempo. Pero bueno, iso non preocupa, e hoxe cinco mocións dos seis puntos que hai, cinco mocións son os puntos que temos realmente eiquí. Mocións que en pouco ou en casi nada, como estamos a ver, e veremos porque aínda hai outra mais parece, ou dous mais, vannos a afectar, pouco ou casi nada, e pouco poder de influencia imos a ter sobre eles. Pouco, e non digo que sexa ou non, que haxa que facer todo o contrario, non o que pasa e que hai que ser comedido nas cousas carambas. Eu voto a favor outra vez, a favor, en contra, pero se eu non son deputado, eu son concelleiro do Concello de Mugar dos, nada mais simple e sinxelamente. E xa non pretendo ser outra cousa, polo tanto en función do que digades o normal e lóxico e que me absteña, porque isto é unha guerra política entre tres, catro e punto. Si o do PP di unha cousa, o do PSOE di o contrario, o do Bloque puntualiza, o viceversa, ou se troca todo o tema, estamos así. Sinto non mencionarte a ti, porque ti aínda non falaches neste tema, pero ben, tamén é o rolo este. Punto, é así, é o que queredes, pois sigamos así, veña. Son as oito, sairemos ás nove ou ás dez, non pasa nada, para iso nos pagan, perfecto, pero ao final como os nenos pequenos, ¿que deberes fixemos hoxe? Un cero patatero a todos, a todos.

**Sr. Alcalde:** Ben, non é a primeira vez que por parte de esta presidencia se lle fixo referencia aos grupos políticos de que procuraran que as mocións políticas por exemplo, pois oe, que que foran... porque non é, non é de recibo que nun Pleno pois estemos a debater cousas que debaten xa, tanto nas Cortes do Estado como nos parlamentos... como no Parlamento da Xunta. Pero bueno, en todo caso si somos axiles pois podemos, podemos debater aínda un pouco o tema. Se non hai mais palabras cerra o poñente a moción.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido literalmente di): Bueno, sobre todo o que se dixo, eu quero aclarar varias cuestións. En primeiro lugar entendo que aburra a Independentes por Mugar dos o debate, posto que loxicamente o electorado de Independentes é mais localista que, que en todo caso o que puidese ter o Partido Popular. Pero eu creo que, aquelas medidas que se adoptan en Madrid, e que os mugar deses tamén van a ter que pagar, eu creo que tamén é preocupación dun concelleiro, ou de dous, ou de tres, ou dun grupo municipal. En todo caso, se un cre que o que se acorda en Bruselas non vai a afectar nin a nosos mariscadores, nin a nosas... eu creo que é un pouco vivir nos mundos de Yupi. En todo caso estou de acordo en que non podemos estar tendo un protagonismo esencial en debates que nos quedan un pouco afastados, pero eu creo que si un é áxil e plantexa unha cuestión, e o debate vai axilmente, pois non temos que meternos en fonduras, de feito das tres ou catro follas que teño eiquí para replicar ao voceiro socialista non as vou ler, porque entendo que é tempo perdido. De tódolos xeitos sobre o BNG tampouco vou a responder, non me vou a parar, porque lle recordo que o período de maiores investimentos con Magdalena Álvarez, acordanse de Magdalena Álvarez, que era a que tiña que facer unhos investimentos para o AVE eiquí, vostedes a cambio de catro pesos a deixaron no cargo en Madrid. E polo tanto non creo que estén en posición de dicir se había mais, mais investimento en Galicia ou non... Cada un entende a política no intre que vive, e polo tanto están moi ben todas as posicións. E... sobre a demagogia ou non demagogia, é demagogia cando o PP fai propostas. Cando os demais fan propostas non é

demagóxico ou non é oportuno, ou está fora de contexto, ou é que hai eleccións, ou é que... Pois mire, somos demagóxicos todos, porque sempre estamos a plantexar cousas, nun intre puntual, e... se, se acusa ao Partido Popular de que non propón que é o inicio da crise... home, dende un partido e un presidente que negou que había crise a estar na Champions League da economía mundial, pese a que lle pesara, pese a ser unha das economías máis solidas do mercado... bueno eso son tonterías que dixo o presidente que nos... desgraciadamente nos preside a todos e que logo tivo que comerse, dende todos os entes mundiais. Entón está ben defender o indefendible, e está moi ben. E entón bueno, inclusive o IVE que tanto parece que é unha medida tan descentralizada, que é unha cousa que se adopta en Madrid, pois imos todos a sufrir o IVE a partir de xuño, xullo do ano que ven, e claro que o imos a sentir porque vai a subir dun 16 a un 18 por cento, certo é, pero e... claro, é moi ledo falar de moitas cousas e, e... en fin, eu non quero entrar mais debate porque creo que deberíamos de cargar, certamente, hai comparto con Independentes por Mugardos, que deberíamos ir ao verdadeiramente importante, pero tamén aproveito para recordarlle que tamén vostede pode traer propostas, sobre temas que importen máis aos mugardeses, e sobre elas estaremos encantados tamén de debatir. E polo tanto estamos abertos a que cada grupo traia o que considere oportuno. Si o goberno non considera que son prudentes traelas pois home, nós aplaudiremos calquera iniciativa veña do grupo que veña, non en función de quen veña, senón en función do acertada das medidas que se propoñan. Que son conceptos que ás veces se confunden. E non é que por propoñelas o PP sexan peores que as demais, nin mellores tampouco. Pero sinxelamente eu creo que o que hai que facer é... bueno aplicar a lóxica e sentido común e votar aquilo que un considera que está lexitimamente pois e... na razón. Ás veces equivocámonos como todo o mundo, e ás veces estamos no certo, pero o que non quero é abrir mais debate porque si abrimos o debate eu tamén comezo a sacar cifras e a aburrir ao persoal. O único que digo, é que quixera sinxelamente manexar este, esta posicionamento a partir de, dunha cousa que consideramos que vai a influir nas economías de todo o mundo. E polo tanto o noso deber tamén é debatilo e aquí.

**Sr. Alcalde:** Bueno estabamos no tempo de peche da moción, e... veña pero corta e Fariña.

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Eu non dixer, nin moito menos, que nunca debe traerse, dixer que é monográfico hoxe o Pleno, unha vez máis. E é verdade que o Alcalde varias veces dixo o tema. Que non debía ser con tanta profusión este tema. Como non vou a... creo que de vez en cando temos que mostrar a nosa preocupación por temas que nos afectan a todos, eu iso non estou a dicir que non sexa así. Eu por tanto... eu tampouco dixer que fora demagóxico isto. En fin, a min non me gustan os victimistas e eu do PP xamais dixer que eran cousas demagóxicas ¿non?, non o dixer, non o dixer nin creo que o vaia a dicir nunca. E unha aclaración máis, eu fago propostas, e permitideme un tema, nas comisións son seguramente o que máis propostas fai. Propostas de debate de Mugardos, fundamentalmente, como non o vou a dicir. Claro, ou son dos que máis nas comisións que creo que son os máis importantes, son dos que máis, dos que máis seguro, neste non, o meu campo é outro. E eu creo que os concelleiros aínda tendo preocupación Juan Domingo do que ocorra, porque nos afecta como cidadáns que somos españoles, claro que teño que dicilo, a miña preocupación polas cousas. Como non vou a estar preocupado polo paro, pois claro que estou preocupado

polo paro, e eu sei que non é un tema do Concello de Mugardos, estou preocupado polo tema, pero iso non ten que ser monográfico exclusivamente, ou exclusivo do Pleno do Concello de Mugardos caramba, iso non pode ser. Que se debata noutros foros que os hai, e aí e donde ten que ler, dar o sentimento realmente para convencer aos cidadáns e de trocar, trocar as cousas, que é como se fan as cousas en democracia, non de outra forma. Pois si, non en contra de que... o que estou en contra é de que vinte puntos dezaioito sexan este tipo de cousas. Niso estou en contra.

**Sr. Alcalde:** Gracias Fariña. Juan Domingo un minuto si queres. Ben entón...

Rematado o debate sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal popular, en contra da subida de impostos prevista nos orzamentos xerais do Estado para 2010, e o Concello Pleno, por tres votos a favor (3 PP), 9 votos en contra (5 BNG, 3 PSOE, 1 EU-IU) e unha abstención (IPM), acorda rexeitar a devandita moción.

**INCIDENCIA:** Faise constar que o Concelleiro D. José Juan Roca Lorenzo ausentouse ás 20.05 horas da sesión, con permiso da Presidencia.

#### **5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A CREACIÓN DO OBSERVATORIO GALEGO DE VIOLENCIA DE XÉNERO E A POSTA EN MARCHA DO CENTRO DE RECUPERACIÓN INTEGRAL.**

**Sr. Alcalde:** Ben, ten a palabra a poñente da moción.

**Sra. Díaz Prados:** Bueno, e supoño que xa leriades todos de que vai a moción ista, e a parte do título grandilocuente como dí aí o señor Fariña, se trata sinxelamente de instar ou pedir á Xunta, á Xunta de Galicia para e... que desenrole a Lei 11/2007, que é... se puxo en vigor ou se fixo nas lexislatura pasada ¿non?. E que evidentemente faga o que está pendente de desenvolvemento pero que xa había un borrador. E neste caso sería a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral, realizar campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, a formación da totalidade das e dos profesionais, e garantir o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público tamén recollido na lei. Evidentemente dar traslado de este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

**Sr. Alcalde:** Ben, abrese un turno de palabras. Juan tes a palabra.

**Sr. Fernández Ameneiro:** Ben, xa non é a primeira vez creo que neste Pleno e, se debatiron medidas para combater a violencia de xénero, en toda a súa extensión. E a parte diso creo que a sensibilidade que ten todo o mundo polo problema da violencia de xénero, podemos incluso partir dende o goberno da nación, nas comunidades autónomas, nos

concellos en tódolos ámbitos sociais, pero desgraciadamente é un problema dificilísimo de erradicar e senón comprobaremos como dentro de breves intres a concelleira de benestar lerá escritos de condolencia polo falecemento de algunha muller vítima da violencia de xénero. E creo que todas as medidas que se tomen para, para tentar paliar esta lacra social, como a moción que hoxe nos presenta eiquí o BNG coa creación do Observatorio Galego de Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral, ou calquera outra medida que presente calquera grupo político evidentemente debe contar co apoio de todos nós.

**Sr. Alcalde:** Ben, Juan Domingo.

**Sr. De Deus Fonticoba** (que traducido literalmente di): Bueno haber, e... podemos tentar enlazar coa demagogia do punto anterior, e é que cada un é demagogo cando lle ven ben. Neste caso e... bueno, o principio sobre a moción do BNG relativa ao desenvolvemento da lei de Prevención e Tratamento Integral de Xénero, e home, hai que dicir varias cousas. En primeiro lugar que lle debo recordar a tódolos concelleiros que as restantes forzas políticas, que a lei galega contra a violencia de xénero contou co apoio positivo do Grupo Parlamentario Popular, xa que foi aprobada por unanimidade das tres forzas parlamentarias. Pero tamén hai que destacar que a lei 11/2007 para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero, entrou en vigor o oito de agosto do 2007, e que o BNG e o PSOE tiveron case dous anos para facer realidade as previsións contidas no texto da moción. Polo tanto, sen embargo nesta materia como en tantas outras os incumprimentos do goberno bipartito foron manifestos e agora a pelota vai para un troco de goberno, e o mesmo, asumimos que a Xunta ten que facer moito traballo. Incluído o que non fixeron vós, vostedes. E polo tanto é normal que se demande dun goberno, de un goberno non de du... dous, pois que faga as cousas ben, que é o que a inmensa maioría de galegos dixeron que querían. E polo tanto dado que e... a moción vai encamiñada a facer e... sinxelamente que se desenvolva esta lei, e... a creación do Observatorio Galego, e polo tanto é desenvolver unha lei, nós non nos imos a negar como é natural. Non nos imos a negar, porque é unha lei que aprobamos entre, entre todas as forzas políticas e polo tanto claro que imos a respetar iso. Sen embargo, home na exposición de motivos para ser un tema de a priori sobre o que non debe de facerse demasiados debates políticos ou iso é o que creo eu vamos, sobre, sobre quen é mellor contra a violencia de xénero, eu creo que ningún é bo, porque aos resultados hai que atingirse, ningún partido fixo nin todo o que debe, nin entre todos fixemos o que non debimos de facer. E tristemente non é quen fai mais, é que non fixemos o suficiente. E polo tanto, nun tema coma este, é... é difícil abanderar cousas que eu creo que non debe abanderar ninguén. Nós tampouco o abanderamos. O certo é que, home, nunha exposición de motivos en onde se di que o goberno do PP aca... di que prescindibles e superfluas as accións tendentes á erradicación da violencia de xénero, bueno, pois e... haber estamos chegando deixadenos un pouco de tempo para desenvolver o que podamos desenvolver, vós tivechedes dende o ano 2007, tivechedes dous anos para desenvolvela e non o fixechedes, entón que pretendedes facer, cal é o demagogo agora. Bueno, pois hai que darlle un tempo, vós tivechedes catro anos e nós tivemos sete ou oito meses. Bueno, todo se fará, pero non se pode facer todo o mesmo ano tamén. En todo caso, bueno, tamén dicir que en relación coa posta en marcha do Centro de Recuperación Integral das vítimas da Violencia de Xénero, débese tamén facer constar que o bigoberno anunciou a

bombo e platillo no ano 2006, e é certo que cando troque o goberno e entre o actual o proceso de creación do centro aínda nin sequera comenzou. Pola imposibilidade dos dous partidos que conformaban o goberno da Xunta e o goberno municipal de Santiago para poñerse de acordo sobre a ubicación do centro e a cesión de un inmovible á Xunta de Galiza. Proceso que continúa a día de hoxe paralizado polo incumprimento do grupo municipal socialista de Santiago dos compromisos asumidos coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de deixar o inmovible libre para a súa nova finalidade. Polo tanto, se deixamos os deberes por facer, agora demandemos que veña o goberno novo e o faga, e repito estou de acordo ¿eh?, o faga se pode. Todas as medidas que vaian encaminadas a mellorar temas coma este que o faga, e polo tanto independentemente de que troque a chaqueta ou troquen a demagogia, apoiaremos esta medida porque consideramos que se desenvolve unha lei fundamental e prioritaria para o goberno, para calquera goberno que se precie. Sexa da cor que sexa.

**Sr. Alcalde:** Si.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): Antes de que peche, porque non sei si vai a haber segunda volta, nós houberamos, bueno imos a anunciar que imos a votar a, a favor. E... nós preferiríamos que a moción primeiro viñera consensuada, porque sobre a lei é mais doado facer consenso, dado que é instar á Xunta de Galicia a que cumpra a lei. Só as leis teñen unha dificultade cando se aproban, e é que normalmente non van acompañadas do orzamento necesario e como o papel aguanta case todo pois, case todo vai aí. Pero a maiores diso, na derradeira comisión a do 13 de outubro, eu creo que o grupo municipal noso facía unha proposta e que era sobre a necesidade de que o conxunto dos grupos municipais chegasemos antes do 25 de novembro cun manifesto común que servira de declaración institucional deste concello, por ser o día contra a violencia de xénero, e que polo tanto todos poidesemos mostrar a nosa unanimidade no que é o rexeitamento, que eu iso non o dubido, e ademais que moda... que medidas podíamos implementar dende o concello de Mugar dos. Sendo consciente de que isto é importante, e de que é unha campaña que supoño que é a nivel nacional, con todo o dereito do mundo, pon en marcha o BNG como referencia o 25 de novembro, e polo tanto o Pleno seguinte sería posterior, eu o que demando da presidenta da comisión é que se traballe para que ese consenso no termo municipal de Mugar dos dese antes do 25 de novembro, fagamos todos un esforzo por sacar unha declaración conxunta, e para reflexionar tamén, eu así o manifestei, e vouno facer eiquí, porque digo que Juan facía alusión ao punto seguinte sobre a non necesidade de caer na rutina porque probablemente estemos a facer o efecto contrario en canto ao punto seguinte. Eu creo que hai algunhas cousas que probablemente teñamos que reflexionar sobre elas, porque ás veces cando as facemos costume, é a rutina e o que non lle chascarree no oído ao outro, o cal eu creo que ao mellor temos que empezar a reflexionar. Con esa demanda, nós imos a votar a favor pero que chegue a tempo suficiente unha resolución por unanimidade do conxunto dos grupos e que poidamos avanzar nese camiño en Mugar dos.

**Sr. Alcalde:** Bueno, eu o que quería, matizar un par de cousas con respecto a esta moción e é que bueno esta, esta lei, a lei 11/2007 foi aprobada por unanimidade no, no parlamento galego por tódolos grupos, pero tamén é certo e hai constancia na Secretaria Xeral de Igualdade de que había un borrador feito ¿eh?, a finais, a finais do ano 2008, unhos

meses antes digamos das eleccións autonómicas onde se recollía xa o desenvolvemento desta lei. Polo tanto eu creo que o solicitar ou instar a, ao Presidente da Xunta actual, de que desenvolva esta lei, para unha causa como é a que estamos falando creo que, que como ben dicía o voceiro do Partido Popular, Juan Domingo, creo que é unha cousa que debemos de apoiar todo o mundo ¿non?. Todo caso...

**Sra. Díaz Prados:** Bueno, primeiro aledome de que todo o mundo esté completamente de acordo en instar á Xunta. E o que dicía Pilar é verdade, e ademais chegamos a ese acordo na derradeira comisión se vai a facer unha declaración institucional que espero que esté consensuada por tódolos grupos políticos, e se presentarán unha serie de medidas, para tentar dende o Concello de Mugaros pois poñer o noso grao de area nesta lacra social que é a violencia de xénero. E... o que dixo o portavoz do PSOE, realmente é dende o meu punto de vista case era o único que cabía fronte a esta moción, é dicir, dicir que a violencia de xénero é unha lacra, e que absolutamente todos e todas debemos de facer algo para poder erradicala ou para polo menos paliala no... na medida das nosas posibilidades, e me aledo de que o PP esté disposto a votar esta moción, aínda que non vou a facer política como facedes vós, polo menos nese aspecto, e si simplemente dicir unha cousa. Evidentemente nesta exposición de motivos se fala dunha lei tal e como dixeches, que evidentemente non chegamos a desenrolar. Non chegamos a desenrolar bueno pois porque non houbo tempo. Unha lei non se desenrola en dous ou tres meses e ti o sabes. E... pero precisamente pola nosa incapacidade, entre aspas tal e como dís ti, creo que está ben dicirlle ao goberno de Galicia que, que realmente señan eles que son moito mais capaces, entre aspas, tal e como dis ti, que nós, para que o fagan na máxima premura do tempo posible.

**Sr. Alcalde:** Bueno, pois se non hai mais intervencións se somete a votación a moción.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno, por unanimidade acorda prestar a súa aprobación á moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre a creación do Observatorio Galego de Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galiza a que realice unha planificación para a efectividade das previsións contidas na Lei 11/2007 que estaban pendentes de desenvolvemento; en concreto, a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral, realizar campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, a formación da totalidade das e dos profesionais, e garantir o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público tamén recollido na lei.

2.- Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

## **6.-DAR CONTA DOS ESCRITOS DE CONDOLENCIA E REPULSA ENVIADOS CON MOTIVO DOS ASASINATOS POLA VIOLENCIA DE XÉNERO.**

O Pleno da Corporación dáse por informado das condolencias enviadas aos Concellos onde se teñen producido mortes como consecuencia da violencia de xénero, segundo a relación que figura no expediente, á que se deu lectura pola concelleira de Benestar, igualdade, sanidade, mocidade, ensino e política lingüística Dña. Ángeles Díaz Prados, así como das peticións aos Concellos para que lle fagan chegar o pésame ás familias das vítimas e da repulsa deste Concello á violencia de xénero.

## **7- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM 658/2009 a 750/2009.**

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da Alcaldía núm. 658/2009 á 750/2009, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sr. Fariña Doval** (que traducido literalmente di): Si Alcalde, vou, vou a facer un rogo, o que pasa é que como creo que ven, como sempre, a salsa agora pois antes de que coñeza os aditivos de todo elo, quero facelo. E si que a xente entenda que isto é outro apartado do propio Pleno. E quero facer un rogo, e o rogo é que si é posible que aos asistentes cando finalicen os Plenos, en plural, se lles faga unha enquisa sobre o que opina do Pleno. Eu creo que sería moi interesante, ¿eh?. Sen contar co punto este obviamente que estamos a plantexar. É un rogo que che fago, eu creo que sería bo ata para os funcionarios así non terían que escribir tanto.

**Sr. Alcalde:** Ben, Ignacio.

**Sr. Fernández Fernández** (que traducido literalmente di): Hola boas tardes, dúas cuestións nada mais. Dado que non vai a haber ningunha Comisión de Benester e Servizos Sociais antes do inicio do vindeiro mes, e como falamos na derradeira comisión da posta en marcha do local social de forma provisional os meses de novembro e decembro cun traballador a media xornada etc. Queríamos saber si efectivamente a primeiros de mes vaise a abrir xa o local, o local social. E se hai contestación por parte da Xunta sobre a vivenda comunitaria. Grazas.

**Sra. Díaz Prados:** haber, en canto ao Local Social bueno xa se pediu como se dixera na comisión de pedir un presuposto para abril cun traballador a media xornada, iso xa está listo, e bueno, estamos pendentes de que rematen, de que me comuniquen que, que rematou, ou sexa todo o que hai que facer alí para amueblar, e... pedín tamén tres presupostos para mobiliario e en canto iso esté listo se collerá pois como costume o presuposto mais económico, e, e está, está en marcha, imos. É dicir, e... creo que vai a haber tempo todavía a pasar por comisión, pero, pero están, se están facendo todos os trámites pertinentes. E en canto, en canto á vivenda comunitaria, en canto á vivenda comunitaria o que nos dixeron por

parte da Xunta, se volveu a chamar e a preguntar, e que está ademais do tema do consorcio, porque iso, iso se, se pasara o tema ao consorcio e tal, e aí está colocado, non temos todavía respostas sobre o regulamento nin nada. Me supoño que como se están acomodando todavía pois aí andamos.

**Sr. Alcalde:** Ben, e... Varela.

**Sr. Varela Deibe:** Ben, eu só un, un par de rogos. De rogos ben, ben feitos ¿eh?. E ben contestados se pode ser. Dado que a, a consecuencia das obras que se están realizando en todo o Concello, tanto por parte da... dos grupos da Edar como pola de, da, do tema de seguridade vial. Que se dispoña, dunha persoa que faga a reposición non diaria, periódica, imos a poñer, cando se necesite, a reposición provisional ¿eh?, provisional, non a reposición definitiva como se fixo por exemplo no camiño de, no camiño non, na estrada dos Casás, que xa está, xa cedeu. A xente ten moita prisa ás veces por facer a reposición, por rematar, que quede bonito, pero aos catro días xa cedeu. Que se faga a reposición con zahorra, co que se necesite, pero que se vixie. Tanto unha, a da Edar, como a do, a da seguridade vial. Porque hai cortes de estrada, eu creo que todos os que circulamos por aí se saben como está mais ou menos. Que lle vaian votando auga ata que o día que macice pois que se poda facer a reposición final. Queda clara a, a miña petición. Ben, pois a segunda, a segunda é case case o mesmo pero que se vixien como se fan as obras. Porque eu estiven anteayer, creo que foi, vendo como instalaban a tubería de auga, e... e me quedei abraiado, como se dí en galego, me quedei abraiado, porque nunca tal vin, poñendo unha, unha válvula, e cubren os tornillos todos, todo o que rodea a válvula con hormigón. O día que haxa que sacar esa válvula haber, dime a min ti como fas. Hai que picar cemento, hormigón e sacar tornillo. Eu iso non o vin facer nunca, nunca. E... e como iso outras chapuzas mais que lle fan. Eu creo que hai que vixiar moito, moito. As conexións de augas pluviais sen facer, que van ao alcantarillado, me pasou diante da miña casa, hoxe, como tivera que levantar toda a tubería, os que meteron o de, o do alcantarillado agora veñen os de, os da seguridade vial é ten que ir mais profunda, o que pasou antes. Non te acordas que tiveron que dar parte da miña horta para poder solucionar o problema que se apozaba a auga polo lado de, de eiquí de Franza. Pois estamos tres cuartos do mesmo, tiveron que levantar todo, teñen mitad diante da miña casa levantado. Porque non se vixian as obras. Que se vixien por parte do concello, e que si fai falla polo director de obra, que se molle tamén, que para iso cobran. Eu creo que eiquí o 90% das obras que se fan, despois reverten os gastos no concello, hai que pagar, por facelas ben, ou por tratar de remedialas. Eu creo que eso temos que poñerlle coto, porque non é unha ¿eh?, son ducias de casos que se están, que se poden dar en todo o concello e comprobados.

**Sr. Alcalde:** haber.

**Sr. Varela Deibe:** Eu se quere incluso lle vou enumerando cousas, pero bueno, prefiro non... seguro que xa tes nota diso.

**Sr. Alcalde:** Con respecto a, con respecto a, con respecto ao tema da... tanto da seguridade vial como pode ser tamén a, as obras da Edar, os directores de obra son da Xunta de Galicia. E coincido contigo, aínda que sexan os directores da Xunta de Galicia por parte do

Concello se debe vixiar de que se fagan ben, iso estou completamente de acordo. Penso que o, o concelleiro de obras pois fai un seguemento dentro das súas posibilidades de, de todas as obras que hai no Concello, que son moitas afortunadamente no, no Concello de Mugar dos. E con respecto ao que dicías ti antes das válvulas isas, hai zonas onde hai que... válvulas que teñen, que poden facer un, un retorno, si que necesitan levar formigón, non sei se é o caso concreto ese, pero si necesitan porque cando hai un corte e ven a subida de tensión, fan un retorno. Entón se desengancharían, porque agora as bridas que levan son bridas que... como che diría eu, de... cun collar, que non van. Entón esas se moven, de feito iso pasou nos, nos bombeos do Seixo, se colocou e non se votou formigón, e houbo que curtar a auga, e despois deron auga outra vez, e unha subida forte de presión, saltou todo. E, e logo tiveron que facer iso. Rodeala con formigón, e cando haxa que quitala, pois hai que romper o formigón, claro está. Nese, neses casos concretos, no resto non sei si fan o mesmo, non o sei. Pero hai casos concretos que si hai que reforzalas. Si, si, nada nada.

**Sr. Varela Deibe:** eu recoñezo que onde hai un pocete, unha válvula, eiquí unha brida, eiquí outra brida, para que non se levante o tubo, incluso se pode levantar o tubo, se rodea isto con formigón, ao lado da válvula, non a válvula en si, eu iso nunca o vin ¿eh?. Porque os aí por Catro Camiños, eu teño, votei catro anos en servizos, e nunca atopei unha válvula con ese sistema, nunca. E as hai aí, aí abaixo xunta a, xunto ao estanco, onde estaba a zapatería de, de... que pechou agora, bueno agora non, xa hai tempo, e hai válvulas que non están nese sistema. Iso está mal feito.

**Sr. Alcalde:** Bueno, de tódolos xeitos, de tódolos xeitos, haber, de tódolos xeitos eu creo que estos son temas, son temas, son temas de, son temas de comisión, que e... son temas de comisión que podeades debatilos e dar... e bueno. Ben, bueno, pois se non hai mais temas, ¿eh? Pediches a, perdón ¿eh?, non te teño apuntada ¿eh?.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): haber, eu teño unhos cantos, van todos dirixidos á Alcaldía, que en todo caso poden ser derivados. O certo que falamos moito sobre o goberno do estado, de Bruselas, e eu cría que no Concello de Mugar dos, na medida do posible, e se o goberno municipal o ten a ben, e senón o impulsaremos doutro xeito, podan ser debatidas e analizadas as partidas dos orzamentos que o goberno da Xunta de Galicia presentou para o Concello de Mugar dos. De tal xeito que podamos analizar os investimentos que recolle o borrador de orzamento que se está debatindo nestes intres no Parlamento de Galicia por si viramos a necesidade de tomar algunha iniciativa en función do que apareza dentro dos orzamentos do goberno da Xunta. A segunda, é tamén un rogo, son todas de iniciativa política que en todo caso se non son tomadas en consideración, miraremos outra fórmula. E é que coa aprobación do novo Plan E, por parte do goberno central, e dado que xa está publicado no Boletín Oficial do Estado, saíu a semán pasada xa publicado, co cal podemos ter unha idea de a onde se pode destinar, e os cartos que lle corresponden ao Concello de Mugar dos, e na medida de evitar no posible as presas que tivemos cando debatemos o anterior, rogaríamos que na Xunta de Voceiros ou na Comisión... imos que o goberno municipal considere oportuno comezamos a desgaxar o que podía ser a proposta do Concello para incluír neste novo Plan E, e na medida do posible que poda recoller a opinión de tódolos grupos municipais aínda a sabendas de que pode ser decidido pola Xunta de

Goberno Local ao igual que foi o anterior Plan E. Pero en todo caso nós demandamos que haxa un certo debate como no anterior cos grupos municipais, e podamos tentar chegar a un acordo entre todos das obras a incluír neste novo Plan E. E o terceiro é que despois da, da charla informativa, non sei como chamalo, bueno a que estivemos o martes eiquí co... en función do Golfo Ártabro. Que tamén ten un prazo concreto, se mal non recordo creo que a finalización da presentación de proxectos era en marzo do 2010, e que ademais manifestabase a conveniencia de que se presentaran os proxectos neste primeiro ano porque ía a ser o que ía a acumular o maior número de fondos para o reparto, e que o seguinte sería máis escaso. A opinión alí, manifestada polo menos por parte do Alcalde, nós así tamén o manifestamos, era que na medida do posible, saíra dun acordo entre as dúas entidades que agora están dentro do Golfo Ártabro, e que tivera lugar un debate co conxunto dos grupos municipais. Polo tanto que dende a comisión de Promoción Económica que foi a que o levou o outro día, podase axilizar o contacto coa outra entidade, e se poda axiliar o debate tamén no Concello, para que na medida do posible podamos chegar a esta, a esta convocatoria. E quedamne dúas, unha é que estamos preocupados querémosllo trasladar ao Alcalde de que a moción aprobada no Pleno pasado por unanimidade, referente á reparación do tellado da Escola do Seixo, non pasara aínda pola Comisión de Facenda, a pesar do compromiso nunha propia Comisión de Facenda, da presidenta da comisión que ese mesmo día non podía ser debatido, porque se lle dira o papel, á interventora nese intre, o compromiso foi que faría unha, e a día de hoxe, pasado un mes non se fixo. Eu creo que é bon que na medida do posible se cumpra polo menos o plantexamento da tramitación, aínda que despois as condicións económicas implique que a obra non se pode facer en función dos informes técnicos, pero así todos seríamos conscientes do que hai, e non habería en principio un incumprimento de, da moción. E xa como derradeira, non queremos deixar pasar por alto, non é algo que nos concierne directamente no sentido máis estricto da palabra, pero e... si estamos preocupados, esta si é directamente ao Alcalde, queremoslle manifestar a nosa opinión e lle imos a facer un rogo ao respecto. Queremos manifestar a nosa preocupación polo tono, que non o tono de voz, senón o tono das súas expresións con respecto ao voceiro do PP nun diario de prensa público. Nós non temos ningunha coincidencia política co voceiro do PP nin queremos facer, facer, facer eiquí de defensores do voceiro do PP que se saber defender perfectamente. En todo caso, nós cremos que non é a forma máis correcta na que debe de saír o Alcalde de Mugar dos publicamente á prensa, non digo na resposta que lle deu en torno ao tema da obra, non estou a falar da obra, senón das lindezas que lle adicou no seu aspecto persoal. E por derradeiro, con unhas das derradeiras afirmacións nós cremos que é un bo intre, o debate orzamentario, para analizar todo o concernente, se é que o goberno municipal o cre oportuno máis aló da prensa, todo o relativo ás asignacións dos concelleiros e dos grupos municipais, e polo tanto que non só saia á prensa, senón que no marco orzamentario previamente ou paralelamente, o goberno municipal impulse ese debate e poida estar, deixar de estar todo o día na prensa.

**Sr. Alcalde:** Bueno, eu non sei se temos que debatir eiquí os orzamentos da Xunta, cada grupo é libre de facer emendas aos orzamentos. E traer eiquí ao Pleno uns orzamentos que son doutra admin... doutra administración pois me parece que... si dixó debatir as asignacións que hai para Mugar dos, pero iso son emendas de cada, que cada grupo fai. Con respecto a... ao Golfo Ártabro, a min parece perfecto que todos os grupos teñan un debate sobre este tema, penso que hai pouco que, que, que recibir de aí, porque a contía é moi

pequena, e quen ten mais vantaxe son os concellos precisamente grandes ¿non? Que teñen mais posibilidades. De tódolos xeitos, hai unha entidade eiquí, que é a confraría de Mugardos, que si podería sacar un rendemento, e que nós, nós poderíamos apoiar o proxecto que presentara a confraría. E... que se debata na Comisión de Promoción Económica, non hai ningún problema, o equipo de goberno non ten ningún problema en facer ese tipo de debates. O que si... quería con respecto ao, ao da Escola do Seixo tamén dicir que xa que se fala do novo Plan E, e antes falamos das dificultades económicas que ten o Concello, pois no novo Plan E pois hai un, unha partida orzamentaria que se contempla para poder atender precisamente actuacións en, en, en educación ¿non?. Actuacións que non sexan de nova obra, senón de mantemento e todo iso. E penso que, que neste caso concreto, pois podería entrar o tema na reparación da Escola do Seixo. De feito hoxe tivemos unha reunión os alcaldes co Delegado do Goberno e... este tema se sacou no, na xuntanza por parte miña, e consideraban que si era un tema de reparación que non habería ningún problema, que se podía facer. Polo tanto, iso é unha boa cousa para o Concello, porque o Concello xa non ten que poñer diñeiro das súas arcas senón que virían das arcas do Estado. E... eu lamento tamén de que, que a preocupación que ten Izquierda Unida non a tivera con respecto a... tamén a, ao comunicado do PP con respecto ao Alcalde ¿eh?. Lamento que non teña esa sensibilidade con respecto ao Alcalde. Non é de estranar porque xa sei que a voceira de Izquierda Unida pois... todo o que poda darlle leña ao Alcalde aínda que sexa con mentiras, pois o que faga falla. E... e o debate orzamentario por certo que o vai a haber, que non se preocupe que vai a haber debate. Bueno, se non hai máis rogos nin nada, se levanta a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as vinte horas e corenta e tres minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e prace  
O ALCALDE,